

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

MEMORIA DE ACTIVIDADES EN 1983

por FELIPE ARIAS VILAS

Como nos anteriores anos, no pasado 1983, o Museo Provincial de Lugo atendeu ás funcións que como tal entidade cultural lle comprehen, isto é, conservadora, didáctica e científica, ainda que haxa que volver a sinalar as limitacións e problemas existentes, referentes sobre todo a infraestructura, como a grave carencia de espacio para almacéns axeitados (pese ó aproveitamento parcial dalgúns espacios mortos do edificio), malas condicións de iluminación e meio ambiente, instalacións e sistemas de exposición en xeral anticuados, escasez de persoal técnico, etc., problemas todos eles que só cunha inversión económica importante (en varias ocasións foi solicitada pola Diputación Provincial unha subvención de 50 millóns a diversos organismos para aquelas reformas) poderán empezar a solucionarse.

O Museo de Lugo vai sendo cada vez mais e millor coñecido a teor das visitas que recibe e o interés que desperta na maioría delas. Durante o pasado ano de 1983, un total de 17.306 persoas visitaron o Museo de Lugo e a súa Sección de Etnografía e Historia de San Paio de Narla. Esta, desde o 25 de maio, tivo 4.092 visitantes, dos que 779 son de grupos escolares ou excursións. Dos 13.214 que corresponden a Lugo capital, 5.204 son de entradas de pago, 2.682 gratuitas e 5.328 en 121 grupos escolares tamén gratuitos. O porcentaxe global de aumento en relación ó ano 1982 (con 12.703 visitantes) é de 26,5%, no que incide sen dúbida o interés polo Museo de San Paio de Narla, como dependente a tódolos efectos do Provincial de Lugo.

Espérase que en 1984 se incremente ainda mais o número de visitantes ó terse aprobado pola Diputación a suspensión da Ordenanza fiscal que rexía para o Museo e que incidía moi negativamente na apertura do mesmo cara ó público, ademais de supoñer unha discriminación económica no acceso á cultura, baixando de feito cada ano o número de visitas de pago. O Museo de Lugo abre actualmente, con entrada gratuita para todo o mundo, 39 horas semanais (de 10 a 2 e de 4 a 7 os días laborables, cerrando sábados pola tarde e tódolos domingos e festivos).

O número de obxetos rexistrados no Libro-Catálogo, que nalgúns momentos e para algunas seccións non se cubriu de modo exhaustivo, chega en data 31 de decembro de 1983 a 8.700, ós que hai que sumar unha parte dos inventariados ó realizarmos o traslado e montaxe de San Paio de Narla, en concreto 1.034 pezas.

O incremento de fondos de carácter histórico-artístico continuou o pasado ano cun ritmo que se pode considerar normal, sendo de salientar o seguinte:

Foron adquiridos, con cárrego ó presuposto ordinario e á subvención da Fundación Barrié de la Maza, unha escultura de Acisclo Manzano ("Torso alado"), 2 óleos de Colmeiro ("Paisaxe" e "Panadeiras"), 34 reales de plata de Pedro I de

Castilla (s. XIV), así como outros obxetos menores e outros de carácter etnográfico, en particular, útiles do traballo agrícola: un carro, unha grade, xugos, etc.

Entre os donativos hai que sinalar os materiais arqueolóxicos (da cultura campaniforme) de Roupar, xunto con outras pezas numismáticas e asimesmo epigráficas (ara votiva galaico-romana de Penarrubia-Lugo). A Sección de Arte Contemporánea recibiu donacións de Reimundo Patiño (óleo "A Catedral do vento"), Pablo Sause, M. Méndez, así como 20 acuarelas de Saturno Lois e un estudo en terracota de Acisclo Manzano.

Hai que engadir os materiais de carácter arqueolóxico que, por normativa legal, tiveron entrada no Museo procedentes de excavacións autorizadas, concretamente de Lugo capital (solar frente á Porta de Santiago), e do Castro de Viladonga, estes provisoriamente en tanto non se instale o Museo Monográfico do xacemento.

Os depósitos temporais no Museo foron en 1983: dous bós retratos (a nai e a nai política) firmados polo pintor license Xesús Rodríguez Corredoira, e dous grandes óleos de Reimundo Patiño (Céltico I e II) do último estilo vanguardista do autor.

Unha vez rematadas, no seu conxunto, as obras de restauración e acondicionamento da **Fortaleza de San Paio de Narla**, procedeuuse nos meses de abril e maio ó traslado e montaxe das Seccións de Etnografía e Historia naquela torre (Cfr. neste mesmo Boletín). En total, como se decía, 1.034 obxetos, en data 31-XII-83, corresponden ó Museo de San Paio de Narla, expostos ou ordenados en almacén. Este Museo de Narla ou Xiá (Friol) áchase aberto, desde o 25 de maio de 1983 en que se inaugurou, tódolos días e con entrada gratuita.

A xulgarmos polo número de visitantes e o interés que desperta a tódolos niveis sociais e culturais, o Museo de San Paio de Narla cumpre ben as funcións, social e cultural, para as que foi pensado, dentro da ruta turística, nun senso amplio, que pasa por Santa Eulalia de Bóveda e Friol e chega a Sobrado dos Monxes, ademais de responder ás necesidades museolóxicas intrínsecas das propias coleccións e do Museo Provincial.

O traslado daquelas Seccións a Xiá permitiu realizar no **Museo de Lugo** unha **reordenación dos seus fondos**, ainda que parcial: así, a boa colección de escultura arqueolóxica colocouse xunta e por cronoloxías, as Seccións de Náutica e Música ocupan, polo de agora, unha boa parte das alas superiores do Claustro, cun maior desafogo, e polo tanto ensinanza, do que tiñan. Asimesmo, a obra do grabador Castro Gil apreciase agora libre de amoreamentos e engadidos de pezas alleas ás características da súa arte. Outras partes do Museo que se teñen reestructurado na súa presentación, para facer esta mais lóxica e didáctica, foron as de Tear e Traxe, a de Imaxinería e a de Arte contemporánea.

No tocante ó labor de **difusión cultural**, o Museo de Lugo participou xunto con outros Museos galegos na elaboración e montaxe da Exposición "Por el Camino de Compostela", exhibida en Lugo no Paraninfo Provincial no mes de febreiro.

Asemade, o Museo montou en Lugo no mes de xuño a Exposición de Prehistoria e Arqueoloxía galega (traballo da Sección do Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento dos anos 1980-1982), con aporte de fotografías, planos e pezas do propio

Museo, correspondentes éstas ás excavacións de urxencia nos túmulos megalíticos de Begonte, na vila romana de Castillós (Pantón) e á campaña de 1982 no Castro de Viladonga (Castro de Rei).

Neste senso, en 1983, seguironse facendo, como unha das funcións propias do Museo, **prospeccións e excavacións arqueolóxicas**, entre as que hai que destacar a campaña de dous meses realizada en Viladonga, dentro do convenio entre o Ministerio de Cultura e o Instituto Nacional de Empleo, e que consistiu na excavación dos muros testigos de terra que deixara o excavador anterior, a profundización en outras áreas xa excavadas e a limpeza xeral do xacemento, ademais de clasificación e recomposición do material asoellado.

En 1983, fixérонse dúas **publicacións**: á reedición do tomo I de *Fortalezas de Lugo y su provincia*, do Director Honorario do Museo, Manuel Vázquez Seijas, presentada en maio co gallo da inauguración do Museo de Narla, e o primeiro tomo do Boletín do Museo Provincial de Lugo, ainda que este último vira a luz en xaneiro de 1984. Con esta publicación, o Museo de Lugo incorpórarse así ó resto dos Museos provinciais e algúns comarcais galegos, que xa tiñan o seu anuario científico e de difusión cultural. O mantenemento deste Boletín permitirá continuar os intercambios científicos, e abrir outros novos, que tiña establecidos o extinto Boletín de la Comisión de Monumentos, ó que ven suceder, e permitindo así o enriquecemento e especialización, xunto coas adquisicións e donacións normais de libros, da biblioteca, que resulta ser un dos Servicios mais usados e imprescindibles do Museo e que funciona en réxime semi-público.

Ademais das **investigacións** sobre temas de Arqueoloxía e Museoloxía por parte da dirección do Museo, do becario (logo becaria), os Licenciados en prácticas de Museos e outro persoal do Museo, vénñense realizando traballos de catalogación e estudio de fondos do Museo e do seu entorno histórico.

Neste momento, ademais do inventario e catálogo das seccións trasladadas a San Paio de Narla (especialmente completo o de Armería), áchanse rematados os catálogos das seccións de Escultura Medieval (Elena Varela Arias, e que logo será publicado), Heráldica (Carmen Sánchez Milao), e Epigrafía da provincia de Lugo ate o 711 (M^a Luisa Fernández Bal e M^a Anxeles Penas Truque baixo a dirección do firmante e por encárrego do Ministerio de Cultura). Están a piques de rematarse os traballos sobre Imaxinería (M^a Luisa Raíces Núñez) e Cerámica romana, —terra sixilata— (Monserrat Vila Martínez), todos eles co aporte bibliográfico e o complemento gráfico pertinente.

Paralelamente, comenzouse a ordenación do Arquivo fotográfico do Museo, moi interesante e extraordinariamente rico para temas de Arqueoloxía, Historia, Arte e Etnografía lucenses, así como a reclasificación dos fondos de Almacén.

Tanto no campo da investigación científica como no da difusión cultural, e na protección e defensa do Patrimonio histórico, ven sendo contínua a colaboración e coordinación con outros organismos e entidades, como o Museo do Pobo Galego, o Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento, a Coordinadora Galega de Museos e a Delegación Provincial de Cultura, co fin de obter un maior rendemento cultural de tódalas actividades e no desempeño de cadansúas funcións.